

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 27 de setembro de 2024, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a tramitación dunha concesión administrativa de ocupación no dominio público portuario por caseta desmontable para almacén de material náutico e comercialización de actividades de náutica recreativa e de lecer no porto de Laxe (clave 12-21-20-C-1).

Está en trámite unha concesión administrativa solicitada por Pantocazo Orons e Igrexas, S.L., para a ocupación en superficie de dominio público portuario por caseta desmontable para almacén de material náutico e comercialización de actividades de náutica recreativa e de lecer, de acordo coa Resolución de inicio de trámite, asinada pola Presidencia de Portos de Galicia o 16 de setembro de 2024 e segundo a confrontación da ocupación levantada e asinada pola Xefatura da Zona Centro no porto de Laxe.

O que se fai público para os efectos previstos no 70 de la Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG núm. 236, do 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro, sitas na avenida do Porto, nº 5-1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na web www.portosdegalicia.com

A Coruña, 27 de setembro de 2024

Lorena Solana Barjacoba
Xefa da Zona Centro

